

# Roteiro polas Mariñas de Oleiros<sup>1</sup>

Xavier Seoane

Unha iniciativa da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)

A xeorreferenciación deste roteiro na sección “O Territorio do Escritor/a” da web da AELG ([www.aelg.org](http://www.aelg.org)) foi posíbel grazas a un convenio coa Deputación Provincial da Coruña en 2013

asociación de escritores  en lingua galega



---

<sup>1</sup> Ao final deste texto, polo seu interese e relación co escrito principal, anéxanse as versións galega e castelá dun documento que o mesmo autor elaborou para o Concello de Oleiros, a quen a AELG agradece a autorización para acompañar este roteiro.

## Consideracións previas

As terras do municipio de Oleiros non posúen a densidade literaria doutros enclaves, debido ao seu máis recente período de urbanización.

Tratouse de axustar o itinerario e os textos aos tempos e as posibles distancias (que se poderían matizar ou variar sobre a marcha).

Intentouse coller o maior número de enclaves posibles e paradigmáticos do que son As Mariñas de Oleiros para goce tanto dos aspectos artísticos como os culturais, paisaxísticos como medio-ambientais.

Como a visita ten altos valores ecolóxicos e paisaxísticos, é moi interesante para os que, á vez, queiran camiñar por enclaves de verdadeira beleza terrestre, forestal e marítima.

Pódese eliminar, se desexar, se for excesivo o itinerario, a última visita, aínda que colle de retorno e se trata dun lugar singular.

Elixiuse a rota da costa, fundamentalmente, para evitar os problemas de tránsito rodado pola Nacional VI.

## 1. Saída e primeira visita. Biblioteca Municipal Ría Leda (Perillo).

### Contidos:

- Breve visita guiada do xardín e da Biblioteca.
- Recordatorio do arquitecto que a deseñou en 1912, González del Villar, conexión coa Sezession vienesa e comentario histórico de ter sido restaurante en tempos previos á Guerra Civil.
- Comentario sobre as numerosas edificacións burguesas singulares que, coma esta, existen en Oleiros, como trazo significativo dos seus valores históricos, arquitectónicos, sociais e culturais. Dentro, no faiado (2ª planta) coméntanse e lense os seguintes:

### Textos

Ramón Otero Pedrayo: "A península ou penilla de Meirás". En *Historia de Galicia*, Tomo I, páxina 161.

#### A PENINSUA OU PENILLA DE MEIRÁS

Podíamos chamala de Oleiros, de Dorneda. Dorneda é nome de leda comba mariñán. Sada, Carnoedo, son portos. De vello temos escolmado o nome de Meirás pola parroquia centrosa que mira de lonxe, pra sinalar a forma de península —ou de penilla— saínte entre as rías de Betanzos e do Burgo. Terra baixa, de doce encosta dende unha vouta rebaixada, de boa terra, areosa, sabregosa, moi rica de "humus" como de antigo bosque, mol coísa forza labrega, verde e xerminal, que ás veces tén a terra indetremiñada. Nela as corredeiras afondan como regos, envolveitas en loureiros e fentos. As corredeiras sombrizas, cos seus pequenos bosques "galerías", traballo de erosión da historia, inzan as grandes fincas cruñesas. Os fatos de xa vellos eucaliptos axudan ó sombrizo dos piñeirás. Osedo, xa no empalme cas "mariñas" mais de terra de Lñas e Soñeiro, tén grandes piñeirás, pazos fartos, fermosas barreiras, hortos lediciosos. E tamén as outras parroquias en grande parte decoradas da paisaxe "artística" das hortas. En conxunto, unha terraxe "hortífera". A costa do mar por Carnoedo, a punta do San Amade, Veigue e Dexo, baixa, axotada, traballada en baixas pontas de roquedo —ou en dentes de serra, ou pontas cravo, como nos ornamentos do románico— soio tén en Veigue un seo e os ordeados en regos e labramios de Serantes, Maianca, Dorneda, Oleiros e Liáns que compoñen a severa armuñía do labro da badía por fronte a San Antón e á Mariña da Cruña.

Sada e Fontán din na figuranza e paisaxe o tempo calmo da praia, do farto vivir do porto, e a esgrevieza do niño mariñeiro apegado ós penedos. Entramos en pequeno espacio, na luz cinza, con brilantes refrexos da ría e súa barra.

-CARLOS MARTÍNEZ BARBEITO: *Galicia*. Páxinas 217 e 219.

Por Ancéis y Sigrás, donde hay pazos patinados por los siglos, por Alvedro, meseta en que ha empezado a construirse el aeropuerto de La Coruña, se baja por rápida

pendiente a Vilaboa con el almenado castillo de Torres Taboada, y al llegar a Palavea se dobla a la derecha para dirigirse al puente de El Pasaje. La ría de La Coruña, formada por la desembocadura del Mero, es tan bella como cualquiera de las que ya hemos visto, sobre todo, río arriba, en la Barcala, paisaje húmedo, encharcado, boscoso y lleno de poesía; alguna vez se ha dicho que su belleza está destinada a morir; se pensó en canalizar la ría para convertirla en zona industrial. Parece conjurado el peligro y desviado el intento hacia la Grela. Con ello se mantendrán las buenas perspectivas económicas y la belleza no morirá. Nada más inteligente que armonizarla con el interés.

A la derecha de la ría se ve la playa de Santa Cristina, en trance de ser urbanizada y mejor explotada, su concha pura, sus arenas doradas y finísimas, sus casetas y sus merenderos. Más allá la playa de Bastiagueiro entre eucaliptos, y pinos, y en la breve cala de Santa Cruz el islote que sustenta entre frondas un antiguo castillo; más lejos todavía, siempre por esa banda de la ría, aparece la ensenada de Mera con su playa, y al fondo, por fin, el mar libre.

## 2. Segunda visita. Praia de Bastiagueiro.

### Contidos:

- Contemplación do areal de Bastiagueiro e das vistas panorámicas da cidade da Coruña e das perspectivas oceánicas.
- Comentario da infancia e as lembranzas en Montrove e Bastiagueiro da actriz María Casares e do seu pai Casares Quiroga antes da Guerra Civil, e do posterior e definitivo exilio.
- Comentario sobre as maravillosas praias de Oleiros e as “catalinas” que viñan bañarse, como recolle o texto aquí escolmado.
- Comentario sobre os naufraxios destes enclaves: Ercowit, Urquiola, Mar Exeo.

### Texto

**Residente privilexiada.** María Casares, Ed. Trifolium, Iñás-Oleiros, A Coruña, 2009.

E para criarme e aprenderme a humildade estaba tamén o sempiterno gruñido do Océano.

Creo que tiña dous anos e medio cando me lanzaron nunha poza de mar no medio dunhas rochas, para deixarme chapuzar nela até que flotase. Flotei coma un parruliño. E así foi que comecei a nadar.

En terra, o medo físico foi sempre unhas das miñas características. Até para gabear ás árbores e aos tellados, os únicos exercicios que escapaban á prohibición imposta aos meus impulsos deportivos pola pusilanimidade da miña natureza, había que ver con cantas garantías me protexía.

No mar, ao contrario que moitos mariñeiros, non puideron soportar nunca o barco; e dalgúns paseos que dei cos meus pais no seu pequeno veleiro, *El Mosquito*, só recordo o reflexo vertixinoso do meu rostro inclinado pola borda, a boca aberta, sobre a superficie rota da auga do mar que eu contaminaba e unha idea fixa no meu pensamento: volver encontrar un chan onde fincar os pés.

Por iso, ao pensar na tristura que sempre tiven de me arrincar das escumas vivificadoras de Bastiagueiro ou de Camaret, preguntome cal foi a vía que, cando buscaba un lugar para levantar unha casa na Bretaña, me conduciu polo camiño de Santiago a esta casa que é a nosa, situada ao pé do Limousin, nos confíns de Charente e de Vienne, a máis de cen quilómetros do océano nun voo de paxaro, e a onde veño reencontrar agora, ao lado das augas doces e glaucas do río, a música e o silencio do *Pazo*.

*A praia estaba case que deserta, longa e delgada media lúa de area fina coa marea alta, media lúa grande ao se retirar o océano. Só algúns pescadores de cangrexos se movían de vagar nos rochedos e aló, no fondo, un grupo de paisanas montañesas a quen o médico recomendara un mes de baños de mar, esforzábanse en diminuír o tempo da súa cura acumulando seis, sete, oito mergullos por día para marchar canto antes. Ao lonxe, viámolas achegarse á beira da auga, vestidas con sacos de*

*fibra vexetal destinados a embalar as patacas, e que lles chegaban ao pés; con arreguizos de frío e de medo, mollaban rápido coas mans o curuto da cabeza e a caluga para evitar a conxestión: e cando as ondas viñan lamber os seus xeonllos, anicábanse bruscamente, braxexando coma marionetas tolas fóra da auga para termar dos globos que as súas “túnicas” levantadas inflaban en volta delas. Despois volvían correndo á area e coma o saco se pegaba á pel, fuxían a esconder o escándalo tras das rochas. E outra vez ficábamnos nosoutras señoras absolutas da praia onda as gaivotas e os pulgóns de area.*

NOSOUTRAS eramos mamá, Susita e mais eu.

Estaba tamén Pilarita, a miña amiga; e con ela algunhas persoas da Coruña que viñan bañarse cos seus fillos a Bastiagueiro e que, alí, no meu reino, xa non me intimidaban.

Estaba Celia, unha solteira delgada, baixa, fea e adorábel da que me lembro particularmente porque pasaba o tempo a recoller grandes margaridas que secaba para ter o seu surtido anual de camomila.

Ás veces, había tamén visitantes de Madrid, xente incrivelmente friorenta que non se aventuraba fóra da casa se non era polo bo tempo; pero que, logo, só saían cubertos con grandes sombreiros para se agachar do sol. Na praia, a onde ían en coche, tiñan o curioso hábito de emboutar a pel con substancias graxas e olorosas que lles atraían todas as avespas do país, e cando á nosa vez chegábamnos polos carreiros do monte fronte ao mar, antes de baixar a última pendente que descendía verticalmente, viámoslos, sós, pequeniños, removéndose tolos, axitados por danzas frenéticas, levados por toda parte por un halo de ouro movedizo que os empurraba á auga onde metían a cabeza a primeira.

Finalmente, chegou un novo, familiar do océano, aínda que no seu país se chamase Cantábrico.

### 3. Terceira visita: igrexa de Liáns.

#### Contidos:

- Visita da igrexa e o cemiterio e a súa fermosa e úbeda contorna natural.
- Visita do pazo de Marcial del Adalid e Fanny Garrido (Eulalia de Liáns).
- Evocacións do romanticismo musical galego e literario.
- Lectura e comentario do periplo circular que aquí se inicia e remata, do libro *Caderno do Nilo*, de Cesáreo Sánchez Iglesias: Mito de Ulises e retorno de cada quen á súa Ítaca.

#### Textos

**Mar do fin da terra.** Poema a Liáns. Cesáreo Sánchez Iglesias, Vía Láctea, 1987, páxina 56.

Liáns

Entre os meus dedos pasan aladas nuves  
e hai una onda que te anúncia

una onda que insiste e a min define

**Caderno do Nilo.** Cesáreo Sánchez Iglesias, Ed. Xerais, Vigo, 2013

Chámame, máis unha vez, o rumor do distante  
e saio á busca  
do que sen cesar comeza: sons de terra,  
antigas voces insomnes, nomes da flor.  
Estou en Liáns. Estou a me sentir dentro da viaxe.  
Aprendendo  
a desaprender o estar aquí.  
Vou á busca  
do que virá e algún día será recordo  
que aparecerá e desaparecerá inacabado.  
Penso lonxincua a terra  
que habita imaxes aprendidas no soñar.  
Gardo en min lecturas de viaxeiros. Os seres que eles fixeron vivir,  
viven en min, o seu sentir en min camiña.  
Denudarse. Beber do cáliz do incognoscíbel. Desandar  
a luz que non foi vivida.  
Caminar a irrealidade da realidade.  
Camiñar o aínda invisíbel.  
[...]

---

Estou no Porto de Santa Cruz-Oleiros.  
Por que retorno ao Nilo? Pregunto nos seus sonhos:  
Quen es de min? E non sabe, non responde.  
Non hai unha soa resposta  
porque non hai unha soa pregunta.

Busco nel a mesma lingua sen signos da terra miña  
creada polo seu ser mineral, e todo  
o que dela me poida dicir,  
quen é ela para así saber que son.

Retorno ao Caderno do Nilo, chamando polo poema  
para que algo permaneza extraviado na memoria.

\*

Neste tempo do irreversíbel son vou  
a través dos ollos do poeta.  
Vou desde as terras do gris azul como metáfora da miña  
vida incerta, vou á terra habitada polo indicíbel  
vacilante voa a miña á entre a colorida bruma do Cairo.

Aínda é escrita a voz súa, e xamais saberei  
de que está feita  
a vida, quen é, de quen?  
Palabras de luz que feren  
e son doces e cálidas a un tempo no tempo  
que leva o vento.  
Busco na realidade,  
aquilo que non me é dado con palabras.

O non dicíbel do ser humano.  
O non dicíbel do ollar, o xeito, aquilo que se mostra  
en ausencia de palabras.  
Aprendo e re aprendo o que existe  
e vai deixando de existir.

\*

Volvo a aqueles ceos que latexan en lume,  
adhiro a terra e os seus antigos deuses,  
fanme crer no home, na historia  
da historia, no seu ensaiar o arredor da súa luz.

Leo a miña vida que non é miña,



só á luz da soa esperanza.  
Escribo busco camiño para os meus ollos,  
na pedra que se fai escrita, un novo corpo que se fai  
palabra. Así é a vida  
da escrita miña que quere posuír algún fulgor  
na soidade de sentir o silencio dos séculos  
cando a luz da alba sorprende a Scherezade  
e ela deixa de me falar.

#### 4. Cuarta visita: paseo marítimo de Santa Cruz e grupo escultórico sobre a emigración de Luís Seoane.

*Contidos:*

- Visita e comentario do Castelo de Santa Cruz, xardíns e vistas sobre a baía.
- Visita e comentario do grupo escultórico dos Emigrantes de Luís Seoane.
- Se desexarse, aquí se pode facer un descanso nas cafetarías de fronte ao mar, para gozar das panorámicas.

*Textos*

***Na brétema, Sant-Iago, "Desterrados"***. Luís Seoane, Botella al mar, Buenos Aires, 1956. (Elixir un fragmento, dada a súa extensión).

"Déixenme chorar sin fin desgracias en que nacín  
na lingua en que me criéi."  
BENITO J. FEIJÓO.

Nesas figuras pintadas nas paredes,  
que semellan que agardan, probes, limitadas, labouriosas,  
entrego o meu mensaxe. Esa mestura de ensoños e de tenrura  
que o pobo lonxano, esquecido de min, ourentóu.  
Rubido no andaime, a moitos metros do chan,  
tencionando dibuxar nas paredes imáxens que me socedan,  
que poidanse escavar pasados mil anos  
antre colunas crebadas, xoias e útiles de traballo.  
Falo con min mesmo. Pecho os ollos e podo ver  
dende esta cidade antre serras espidas, mineraes,  
as froles bermellas das mapoulas á beira do océano,  
os outeiros verdes, os carballos, os muros de pedra,  
o niño ascondido do melro, as vacas bermellas,  
a aboa co fío da roca antre os dedos.  
I escoito en mín unha vos lonxana, escura, senlleira,  
unha vos desaparecida.

Esa era a miña patria, esa responsabilidade do home,  
a forza, o amor dos desterrados,  
todo aquilo que tivemos que resinarnos a perder,  
quedándonos sin feitizos, soios, cara ao mundo.  
Non tivésemos querido lembrar, senón esquecer,  
e amercearnos de todos eses xuiciosos anciáns  
ca faciana dibuxada pol-os seus intreses económicos,  
cada enrugada unha sinal de solercia e de cubiza,

que parecían mainos nos seus paseios pol-a Alameda  
ou atando o mar dende os peiraos dos portos.  
Xubilados de todo traballo, mais non do mal e da mentira.  
Deses e dos seus fillos que puláronnos ao desterro.  
Sinalábannos co seu longo dedo enxoito e amarelo  
e ollábannos con ira  
dende a malina concavidade dos seus ollos.

Eiquí estamos cos nosos anos, encanecidos,  
desterrados nun mundo sin intimidade nin cortesía,  
cas nosas lembranzas, mais sin remordimentos.  
Non te vemos fai moito, terra desa saudade,  
mais sentimos en nós a presenza da tua lus  
agardando que eses terribels nemigos o tempo e a concencia  
nos volten ás tuas noites,  
á presenza dos seres ocultos que nos agardan.  
Somos homes arrincados de súpeto das herdadas costumes  
que non teremos mais un verdadeiro fogar  
con un ar familiar, unhas cadeiras vellas e uns poucos libros.  
Abandoamos as nosas casas pra botarnos espidos ao mundo  
traendo connosco soio algunha lénda da patria,  
e cavilando somos mozos e ceibes.  
Mais os anos proban que estamos atados a un sono  
e samente a un cacho de terra que é o noso dominio,  
a unhas sombras sin tempo cuios nomes esquecemos.  
Tivésemos gostado envellecer sereamente  
xunto ao tépedo lume herdado  
estendendo sobor dél as nosas mans folgadas.

Atópome rubido a un andaime agardando o futuro  
envolto no pó da obra, a cal e a area.  
Nunha mesma terra naceu o pobo que amamos,  
tamén seus marteiradores, seus verdugos,  
e todos eles siguen asexándonos en silencio,  
coidándoos impracabres na lembranza.  
A os desterrados gostaríanos de sentarnos baixo das velas  
a repasar os episodios de unha vella historia  
de humillaciós, de mortos, de sangue.  
Lembrar resinados as mans que mataron,  
as facianas des feitas.  
¿Qué tivéchedes feito no pasado? ¿Qué fixeron vosos pais?  
perguntaríamos aos verdugos. Mais, ¿qué fixeron os nosos?  
E cada desterrado preguntaría: ¿Qué fixen eu?  
Soio o pobo e nós ato paríamos a resposta axeitada,  
aínda cercados de aramios, de xenreiras, de armas,

antre os sabucos das mulleres e dos nenos,  
agardando ese porvir que tencionan matar  
co seu neicio presente os vellos asesinos.  
El e nós ventamos como asoman nas campas  
as mans que se ergueron pol-a historia e os aboengos  
e cavilamos: ao tempo non poden matalo,  
non eisiste sin nós, pertencémoslle,  
tamén él pertencenos,  
como o sono, o traballo, a morte.

Xunto aos camiños, á beira das gaviás  
están sentadas vellas mulleres alombadas,  
acochadas con mantós escuros que contempran  
o desfile dos campesiños que veñen das sementeiras  
presididos pol-o ancián sin tempo da bolsa ao lombo.  
As vegadas ese pobo canta esquecido das torturas,  
dos castigos aturados dende fai mais de mil anos,  
das fogueiras, no seu longo camiñar de séculos  
dende un lugar descoñecido cara ao oeste.  
Incorporou a dondura e a pacencia á sua sangue  
e son as xerazós pasadas as que os asexan  
non os policías nin os homes armados,  
trasmitíndolles a cantiga, a sabencia, a lei.  
A realidade non pode alonxalos  
senón distraílos dos vellos mitos.  
Dos herdados supertizosos ritos de altar.  
Do seu mundo de medos e misterios,  
pensamentos confusos i-enmeigamentos.

Cando estamos cansos, coma nas lendas  
a terra chámanos. Fai soar a sua vos de pinos,  
de paxáros que berran dende o fondo dos boscos.  
Os desterrados ternos traballo teito, pan,  
mais vivimos coma sombras. E mais forte que nós  
a tenza de terra lonxana onde nos criamos,  
e ningún outro amor, nación, fortuna ou éisito  
poden apracentar esa saudade.  
Quedóunos á xente sin patria o curazón  
no lugar onde soio ríen os vencedores,  
na terra nosa, á que un día voltaremos:  
a dos mortos, dos pantasma, dos vencidos.  
Voltaremos sobor das pegadas borrentas  
sin obrigas que nos ataxen ou recramen  
a percurar a nenez perdida e os anos  
nos que coñecemos o estragamento, a violencia.

Nos que fumos aldraxados e repudiados  
por leises e uniformes, e soupernos de abondo axiña  
que nada era fincado e inmorrente.

Dende o andaime escoito no chan voces estranas  
de obreiros desterrados cicáis de moitos países  
e con liñas na parede sin querer dibuxo  
nas facianas e nos acenos das figuras,  
as imáxens lonxanas que se acubulan na miña memoria.

E a parede dun edificio de unha cidade estrana  
a mais de mil kilómetros do noso océano.  
Pecho os ollos e penso:  
O home non pode camiñar soio sin perescer.  
Un día voltaremos. Será entón inverno,  
a época dos homes senlleiros, da noite, dos lobos,  
e iremos pol-a mar ate atopar na costa  
unha muller coa lámpara en outo,  
ao altor dos seus ollos,  
que tratará de recoñecernos nas trebas.

San Juan, cidade. 1955

## 5. Quinta visita: paseo marítimo de Mera.

### Contidos:

- Visita do Paseo Marítimo, da lagoa de Mera e da pequena capela.
- Disfrute, de apetecer, dun percorrido polo Paseo Marítimo ou polas fermosas praias.
- Contemplación das maravillosas perspectivas sobre a baía e a cidade da Coruña.

### Textos:

-XAVIER SEOANE: “Noite de San Xohán en Mera”, En *Raíz e Soño (Canción de Oleiros)*, 1976-2008. Páxina 39.

Contemplo esta paisaxe sen rostro nin memoria.

Pasan nubes ao lonxe  
tinxidas dunha luz  
secreta e melancólica.

En Mera, os pescadores contemplan o solpor.  
Os faros iluminan as rotas vaporosas  
que sucán os mascatos e as gaivotas.

Na noite  
érguense dos outeiros  
revoadas de feo e fumaredas de soño  
que falan mainamente ao corazón  
dun tempo de altos astros e de secretas noites.

Todo aquí canta vida aínda que todo morra.  
Todo sabe que o sol, nas lindes do horizonte,  
goza unha plenitude que destruírá a noite.

Mais todo albisca, nese cego resplandor,  
unha ardora durmida que esperta aos que soñan,  
un cálice de prata para un brinde de fogo  
na mañá nova.

Xavier Seoane  
(*A néboa invisíbel*, 1999)

-XAVIER SEOANE: "Espiñeiro". En *Raíz e Soño (Canción de Oleiros)*, 1976-2008. Páxina 51.

Na praia collo sempre  
o seixo máis pulido, máis secreto, máis branco.

Érgoo,  
acaríciio,  
sopésoo na man.

Sinto o seu soño  
húmido, o seu alento  
intacto, a gravidez  
cernal da súa palabra.

                                  E un manancío  
de escura  
materia  
namorada,  
adormecida desde as orixes  
das mareas e o sal,  
faime sentir o soño  
dun náufrago alentar na inmensidade.  
Cólloo  
na man  
e, súbito,  
como un celeste náufrago,  
lánzoo estremecido á vertixe do ar,  
onde anhelo que finque a súa nostalxia  
e turbe a súa infinda  
gravidez mineral.

Non por ferir o soño  
de ningún voo nesgado.  
Xamais por perturbar  
a lei dunha constancia.

Só por dar ao silencio unha ave nova.  
Un durmido sixilo  
á inocencia de luz do puro espazo.

Xavier Seoane  
(*Agra da Brea*, 1999)

## 6. Sexta visita: Seixo Branco.

### Contidos:

- Camiñar desde onde se deixa o coche estacionado, por cómoda pista natural con grandes vistas.
- Chegar ata o Seixo, ver a grande veta de seixo branco, os impresionantes cantís e a flora e fauna abundantes e singulares do enclave.
- Contemprar a baía da Coruña e as vastas perspectivas do Magnus Portus Artabrorum desde Malpica e as Sisargas ata a costa de Ferrol, o seu Porto Exterior e os cabos Prioriño e Prior.
- Se apetecer, e haber tempo, facer percorrido por sendeirismo con grandes perspectivas marítimas e atlánticas.

### Textos

-XAVIER SEOANE: “Seixo Branco”. En *Raíz e Soño (Canción de Oleiros)*, 1976-2008. Páxina 52.

Lembras o día en que ao barco  
se acercaron brincando os arroaces?  
A luz do sol esvaraba nas augas  
e brillaba nos seus dorsos de ledicia prateada.

Ou cando, nas encostas dos bosques de Pousada,  
choutou desde o carballo  
aquele descomunal escornabois,  
zoando de tal xeito  
que houbemos de fuxir en enxurrada  
como tímidos poldros asustados?

Recordas os neboeiros  
entrando do oceano?  
E como presentían a choiva  
as oucas da lagoa de Mera,  
as albas garzas  
do Seixo Branco?

Cómo soaba –lembras?–  
a salgada buguina  
inundada dos rumores do oceano.

Cómo asubiaba o merlo  
cando  
nos últimos instantes do serán  
se pousaba nas mirtas do valado



e alí, criatura advida da outra banda,  
soñaba o seu retorno e cantaba a súa nostalgia.

Xavier Seoane  
(*Agra da Brea*, 1999)

## 7. Sétima visita: costa de Dexo e perspectivas sobre a illa Marola.

- Ver a encantadora e pequena abra co recollido e pequeno embarcadoiro de Dexo.
- Se apetecer, ir camiñando, pola costa da dereita, en dirección a Lorbé, e pasar polo lavadoiro. O agradable e fermoso percorrido polo roteiro de sendeirismo pode durar todo o que desexe o grupo. Retorno ao embarcadoiro.
- Falar da illa da Marola e das xestas cotiás dos mariñeiros de Mera, de Lorbé e de Sada neste enclave tan batido polo mar.
- Gozar de novas vistas sobre a costa de Ferrol.
- Se apetecer, ao ir no bus en dirección a Lorbé, cadra en ruta a fermosa igrexa románica de Dexo e o seu íntimo camposanto.

*Textos:*

XAVIER SEOANE: “A Marola”. En *Raíz e Soño (Canción de Oleiros)*, 1976-2008. Páxina 63.

Todo aboia na tarde.

A vida avanza a golpes de cegueira insaciable  
na claridade branca.

Hai nubes que sosteñen todo o peso do espazo.

Diríase que a luz nace da nube  
e a gaivota do ar.

Xavier Seoane  
(*Dársenas do ocaso*, 2002)

XAVIER SEOANE: “Dexo”. En *Raíz e Soño (Canción de Oleiros)*, 1976-2008. Páxina 64.

Apáganse os lampexos derradeiros do sol  
e empezan a acenderse  
as luces dos navíos no horizonte.

Unha gaivota pérdese  
alén das horas  
sobre as brasas durmidas en navíos e portos.

Fronte a tanta beleza,  
se por ledicia, ou soño,  
esvarase unha lágrima,

sería o eco último dunha saudade de ouro.

Xavier Seoane  
(*Dársenas do ocaso*, 2002)

## 8. Oitava visita: porto de Lorbé.

### Contidos:

- Ver o porto de Lorbé e as vistas sobre a entrada da ría de Ferrol, a costa de Ares, Pontedeume, o monte Breamo e a fermosa ría de Sada-Betanzos.
- Degustación, se proceder, dos mexillóns, peixes ou mariscos na tasca mariñeira do Porto.

### Textos

CESÁREO SÁNCHEZ IGLESIAS: Poema sen título. En *Negra Sombra: Intervención poética contra a marea negra*. Páxina 184.

#### **Sada**

Trémulas águas baixo tanta noite.  
A mais conscente calma desta praia  
transita a tua idea. Voan gueivotas a tarde inteira.

#### **Cirro**

Água e silencio e luz  
e sei o teu nome mais non o teu segredo. Ollas-me e non é a min a quen ollas.

#### **A Marola**

A ausencia a explodir de espuma  
na tua soidade. A noite táctil cos seus pregues. O poente coa sua garganta de lume.

#### **Dexo**

A onda cai dorme sobre a areia respira. Comparte as tuas flores. Coas caricias da  
noite despertas. Húmida recibes a primeira luz.

#### **Lorbé**

Palavra iminente és infinita duración.  
A lua marmuria-me aos ouvidos  
con cristaiña voz. Coma un astro entras ao día.

## 9. Retorno e derradeira visita: pazo de Xaz e castro de Dorneda.

### *Contidos:*

- Ver, se puiden, o fermoso pazo de Xaz e os espléndidos e singulares xardíns.
- Evocar a vida de Manuel Pardo de Andrade, vencellado a este lugar. Os liberais, o xornalismo coruñés, a ilustración...
- Ver, se desexasen, os altos valados e o espazo circular do Castro de Dorneda, ao que se accede por ancha pista desde o pazo, nun percorrido fermoso con vistas sobre a baía e os campos oleirenses-mariñáns. Aproveitar para comentar o alto número de enclaves castrexos existentes no concello de Oleiros.
- Como conclusión, e homenaxe aos artistas vinculados, dalgunha forma a Oleiros, pódese ler:

### *Textos:*

XAVIER SEOANE: “Lloréns nas Mariñas”. En *Raíz e Soño (Canción de Oleiros)*, 1976-2008. Páxina 53.

### *A Juan Manuel Bonet*

Viña o verán,  
e arribaba o pintor aos vellos eidos.

Tornaba de Madrid, de contemplar  
desde a varanda da casa  
o sol na praciña do barrio,  
entre árbores e nenos.

Ateigado chegaba de tubos e pinceis,  
da cegadora brancura dos lenzos  
que despregaba con intacta inocencia  
nunha valgada inundada de luz  
e rumorosa de merlos.

Comezaba daquela a loita cos elementos.  
E non porque chovese, pois daquela  
cumpría recoller, e avivar o paso, e guarecerse.  
O que xurdía era o ímpeto  
turbador da emoción, tamén o medo;  
o medo a perturbar aquela albura  
e traizoar a paz daquela esvelta  
poliña de amieiro  
lixándoa con formas imperfectas,

cunha non acadada frescura e harmonía,  
cunha entoación e gracia  
que non fosen as únicas posibles,  
as soas, verdadeiras.

E proseguía a loita, e ía correndo o tempo.  
Un meniño pasaba. Un pegureiro  
que a boina tiraba por saudar  
sorpresa, case alegre.  
Renxía un carro ao lonxe.  
Ouvíanse, máis perto,  
mulleres a tender roupa na herba,  
un costumista son de lavadeiro...

Mais el porfiaba, e agora soñaba  
con aquel miúdo paxaro  
que na galla bulía,  
co tremor dun insecto,  
o celeste pasar dun neboeiro...

E as horas ían indo. De tan rápidas, lentas.  
Tormentosamente lentas.  
Afastábase  
do cabalete.  
Achegábase.  
Apartaba  
un insecto molesto,  
secaba  
o suor na meixela  
e, paseniño,  
unha luz, un azul, un non saber,  
algo como o resío sobre a herba,  
a alegría propicia dun palleiro,  
a canción dunha vela nos lonxes mariñeiros,  
a brisa a asollar sobre as colleitas...

E, a final, un cansazo...  
a súbita lembranza  
do chapeo daquel home que se cortara a orella...  
E a dúbida,  
a dúbida mordente:  
Que diría Monet deste lenzo aínda fresco?  
Rusiñol gustaría?  
Gustarían Sorolla, Dona Emilia, Sunyer?...

Só un trebón ao lonxe,

como un carro de pedras no alto ceo,  
foi quen de espertalo  
do absorto silencio.

Recolleu os pinceis, o cabalete,  
preparou o cabás de veteada madeira  
e paseniño, ao lonxe, entre matos perdeuse,  
ou na flor das silveiras.

Xavier Seoane  
(*Agra da Brea*, 1999)

## Anexo

### OLEIROS

Foi a fins de febreiro de 1980. Acababa de chegar dunha longa estadía lonxe do país e ficaba, en Oleiros, a altas horas daquela noite en que o vento, como un lobo ceibo, ouveaba nos beirados mentres as árbores abalaban como pantasma, a chuvia bategaba nos cristais e o rumor das sirenas dos navíos resoaba na obscuridade distante. Tal era o ímpeto das rafegas na balconada, que o aire xeadado se filtraba por baixo da porta, baténdoa. Eu estaba a ler *Os Camiños da Vida*, de Otero Pedrayo e, xa ao remate, xusto no intre en que o protagonista se dirixe de Santiago á Coruña polos endiañados camiños de dilixencia daquela época, dei con aquela revelación que nalgún punto de min fixo saltar un resorte espontáneo cando o personaxe, após de pasar por Ordes, sentindo os feros ventos deterse nas carballas do feiral, en chegando ao Mesón do Vento, e avistar, desde o alto do cabalo, "as vagas serras azuis no termo infindo do horizonte", fai pronunciar ao autor aquela revelación verdadeiramente epifánica: "ADIVIÑABASE O NORTE UN AMOLECEMENTO: QUIZAS AS MARIÑAS"...

Si. As Mariñas. Ao lonxe, segundo se descende, como polos estrados dun amplo anfiteatro, ao seo marítimo do Golfo Ártabro, vindo desde a terraza compostelá. Tal como hoxe cando, ao iniciar co coche o descenso da autoestrada, desde o alto se albiscan cara ao lonxe os grises, verdes e azulados horizontes das terras mariñás coa súa suavidade, a súa leve ondulación, o seu amolecemento matizado.

Porque, a ollos do que vén da Galicia interior, máis chairega e montesía, a pesar de que hoxe en día As Mariñas xa non se poidan sintetizar simplemente como "farto país de músicas e ledos viño mariñeiro...", tal como o propio Pedrayo sinalaba noutro lugar da súa obra, está claro que segue a evidenciárselle dalgún xeito a presenza dunha benignidade na distancia, a realidade dunha terra marcada polos dons naturais da alegría, da dozura e da graza. Porque ese viaxeiro, a pesar dos cambios urbanizadores que presinte nas amplas perspectivas albiscadas, non pode deixar de sentir a revelación dun ámbito xeográfico que as chuvias e o tempo moldearon dun xeito maino, con valgadas declinantes e ondulacións serenas e remansadas.

Un ámbito, en definitiva, no que o mar, dalgunha maneira, está sempre latexando, co seu benéfico influxo, en presenza ou sospeita, ao lonxe ou rumor ecoante. E todo iso dentro dese atemperamento climático, desa húmida tendencia propia dun dominio oceánico e atlántico que ten ido moldeando ao longo dos tempos con leveza e matización a paisaxe.

\*\*\*

Porque esa sensación de amolecemento natural que presenta o mosaico de vilas, casas, campos, arboredos e matos que se estende ao longo desa comarca das rías de A Coruña e Betanzos, se hai algún instante no que fose definido de modo emblemático, a xeito dunha epifanía *joyceana*, é nesa revelación de Pedrayo. Ninguén tal vez teña expresado con tanta



plenitude este espazo do Arco Ártabro, seo central do golfo brigantino, entre o rico sistema de baías, rías e formas no que contrastan os segmentos peninsulares labrados con viveza polo mar e a sosegada morfoloxía de rías e esteiros. Tivo que ser, unha vez máis, o noso xeógrafo e escritor da natureza por excelencia, o panteísta vivencial da nosa paisaxe, quen sintetizase de xeito tan conciso o ámbito mariñán.

Algúns outros intentárano antes. Xa Murguía, no seu tempo, narrando a experiencia de abandonar a que chama "desolada meseta" de Curtis, estación na que el e os seus acompañantes padeceran fortes inclemencias do tempo, relataba cómo, ao ir descendendo, saíranlle ao encontro os campos sempre verdes e os alegres casais de Oza, mentres ía achegándose á que cualifica como fermosa comarca das Mariñas, onde, no seu sentir, tan docemente se aliaba a vida dos campos coa das cidades e onde os rumores da natureza e dos homes enchían o espazo, mesturándose o agreste perfume dos piñeirais co aire fresco do mar.

Tamén Francisco Álvarez de Nóvoa, outro grande intérprete das paisaxes galegas, no seu nostálxico "Beira o Barbaña", ao evocar, xunto a San Diego, os golpes do cabrestante e das cadeas ao ergueren os bergantíns as súas áncoras, antes de tender as velas e abrirse ao longo mar, lembraba como o Nordés, ao amañecer, comezaba a "trazar barras de prata en campo azur", mentres ao lonxe o sol parecía avisar á Mariña para que espertara, "mandándolle mensaxeiros de ópalo e rosa", no entanto os lavancos, mascatos e carrizos baixaban trazando espirais entre o po dourado que envolvía á mariña como a unha Náiade durmida a se espreguizar.

Deste xeito tan plástico Álvarez de Nóvoa creaba outra fermosa epifanía mariñá. Aínda que non sería a única por el imaxinada, pois no mesmo libro, ao evocar A Coruña como "xigantesca gaivota pousada n-o Cantábrico", non pode deixar de lembrar "alá, en frente, a Santa Cruz de Mera, o sitio dos parrulos e as arceas, c-o seu castelo esmochado, seus bosques de ameneiros, seus piñeirales, c-o seu regato riseiro, eterno alborotador d'as guixas da ribeira... e A Pasaxe, loitando sempre por remexer o fondo d'o areal, refuxio de mazaricos e brillante leite de nacarinas cónchegas... e A Marola, Monte-Ventoso, o Prioriño embozado sempre n-a grisácea brétema... e o mar, o mar libre, xigante..."

Non foron moitos, con certeza, os momentos históricos nos que as palabras cristalizaron unha visión á altura desta paisaxe, mais é evidente que estes de Pedrayo, Murguía e Álvarez de Nóvoa, sorprendentemente pouco coñecidos, preséntanse, a pesar da súa brevidade, como algúns dos máis afortunados.

\*\*\*

Porque As Mariñas constitúen unha terra que, dentro da súa variedade, non deixa de amosar un alto grao de harmonía e homoxeneidade. Trazos detectábeis tamén, con certeza, no ámbito de Oleiros, onde, cun perfil de mainas ondulacións -a cota máis alta do territorio, a do Castelo, ten só 171 metros-, e cuns descensos cara ao mar que os abundantes regatos labraron valgadas de declive suave, amósase unha topografía belamente moldeada por unha suavidade climática e unha moderada pluviosidade. O cal fai que, por exemplo, o feito de ver nevar en Oleiros sexa un acontecemento infrecuente, benvido sempre para os máis cativos, que o reciben á maneira dun galano de Reis ou Nadal.

E esta paisaxe -a comprendida pola planicie litoral de As Mariñas enclavadas entre a Ría de A Coruña e os concellos de Culleredo, Cambre e Sada-, rica en recorrencias de ritmos envolventes e mainos, constéllase cunha costa de recollidas enseadas e calas onde o labor da natureza foi sedimentando numerosas praias, alternantes con altas penedías, que culminan na sinfonía atlántica dun Seixo Branco e un Dexo que non deixan de evocar certos momentos da Costa da Morte ou maxestosos repertorios das larganzas costeiras de Bretaña, Noruega e Irlanda.

Mais ese rexistro telúrico, propio dunha terra que se asoma como unha proa ás abertas perspectivas do mar, non impide que dunha Toscana marítima e occidental falara no seu día o poeta Miguel González Garcés, un dos seus mellores coñecedores, quen, desde a solaina da súa galería do Portazgo, atalaiaba o perfil desta paisaxe, celebrando a súa beleza e laiándose das ferintes transgresións que paseniñamente foran crescendo como fungos malévolos derredor da Ría a partir da época do *desarrollismo* salvaxe.

\*\*\*

A mariña oleirense é, pois, un lugar de epifanías terrestres e oceánicas. Un miradoiro privilexiado de panorámicas atlánticas. Con magníficas perspectivas sobre a rotundo perfil que no mar traza o cabo Prioriño, ou sobre a costa de Ferrol e de Ares. Incluso, desde o fermoso descenso ao porto de Lorbé, ou desde o seu fondeadoiro portuario, privilexia tamén fermosas panorámicas sobre o interior da ría de Pontedeume, Sada e Betanzos. Mesmo, desde determinadas cotas territoriais, a mirada pode albiscar, ao lonxe, ora Malpica e as Sisargas, ora o bispo deitado do monte Xalo.

E é indubidábel que todo viaxeiro que se prece, se quer degustar das mellores vistas da cidade de A Coruña, ha de achegarse a calquera recanto de Oleiros. E se desexa unha revelación da grandeza que nestas latitudes posúe o mar, ha de acudir a calquera cabo ou punta da súa costa polifonicamente traballada. E desde eles -se é en Mera, utilizando o arco do Faro para enmarcar o horizonte e a Torre de Hércules ao lonxe-, pode pasar un momento inolvidábel, evocando a perspectiva oceánica que sempre tiveron en face os pobos que aquí habitaron. Mesmo, nos días máis claros, se se deixa enlevar, ben poderá presentir, entre a néboa do mar, Irlanda, como Ith nas xornadas da revelación da illa atlántica. E incluso, coa axuda dunha boa caña do país, se apura as cousas ata un nivel de esforzado entusiasmo, non lle ha de ser de todo imposíbel, axudado polas meigas e os trasnos connaturais ao imaxinario galaico, albiscar América da outra banda, a onde tantos mariñáns se viron obrigados, coas súas pesadas e humildes maletas, a emigrar nos grandes *paquebotes* de épocas pasadas.

De modo alternativo, desde a outra banda, a da cidade de A Coruña, tamén pode contemplar en fite a baía e a terra de Oleiros, xa mergullada na néboa, xa rebordante de luz e claridade, perfilándose os litorais do seo mariñán e as agraciadas curvas dos seus outeiros declinantes.

O visitante poderá sentir, entón, o que calquera oleirense pode vivenciar ao longo do ano: a evidencia dunha terra na que, dependendo do día e da estación, tanto se pode evocar o nebuloso norte coma o sur sensual; sentir a aura bretemosa de Irlanda ou as ensoñacións dunha luminosa transparencia mediterránea cando o nordés esmerila aire e espazo e outorga ao territorio un

intenso brillo e unha avasaladora luminosidade.

Porque esta terra, que non posúe uns valores arqueolóxicos e históricos comparables a outros lugares, si presenta un enclave privilexiado e unha notoria beleza natural que ten no engarce da terra e do mar o eixo dun proceso moldeador de verdadeira dozura e expresividade.

Por outra parte, esta comarca occidental da península das Mariñas, presenta unha paisaxe fondamente humanizada, cun relativo logrado equilibrio entre a natureza e os ritmos dun proceso urbanizador que tivo ao longo da historia no espallamento progresivo unha das súas claves fundamentais. Cunha malla ou tea de araña de estradas, pistas, vieiros e camiños verdadeiramente densificada que levan a pensar que, en troques do Hércules coruñés, ou do céltico Breogán, quizais sería Hermes o deus que mellor lle acaería a estas paraxes.

\*\*\*

A orixe do topónimo deste territorio maiormente asentado nun solo de rochedos esquistosos e de miúda textura, parece proceder da grande cantidade de olas cinerarias de enterramentos antigos -tal vez mámoas ou sartegos dos romanos, como Sarmiento ten sinalado-, que se acharon, podendo facer tamén referencia á industria alfareira, da arxila, do barro. Feito polo que, nun acto de fidelidade ás orixes, recentemente o Concello deu en crear, coa doazón do artista José María Kaydeda, un Museo dos Oleiros, nas Torres de Santa Cruz, que recolle abundantes exemplos de alfarería popular.

Eses enterramentos, avalados por datos fornecidos por xeógrafos antigos, parecen apuntar o feito de que esta comarca foi antigamente bastante habitada, vistos tamén os seus dez castros actualmente catalogados. Quizais, a atracción que Oleiros exerce nos tempos que corren sobre o turismo ou sobre as capas urbanas, xa a ofrecía no seu tempo a aqueles habitantes prerromanos que a mitoloxía galega do XIX quixo imaxinar de ollos azuis e longas greas, tal partícipes ousados dunha idade de ouro primixenia e auroral.

Mais após daquela presunta idade de ouro, advirían longos períodos de olvido ou esmorecemento. Murguía e outros historiadores apuntan a idea de que algúns dos lugares que nun inicio máis padeceron a dominación sueva foron as Mariñas que abranguen desde os ámbitos coruñeses aos betanceiros. E sinala que, aínda nos tempos de maior decadencia, foi unha terra que tivo importancia polos seus produtos naturais e pola multitude que, cubrindo vales e outeiros, achaba asento nas múltiples praias. Porque, segundo el, nin neses tempos nin no decorrer dunha delongada Alta Idade Media, na que a terra de Oleiros non debeu ser allea aos frecuentes ataques viquingos ou normandos que asolaban as costas galegas, estes campos, sempre fecundos, xamais foron abandonados, na súa opinión, polos que lles deron o nome, persistindo as tribos brigantinas que os poboaron, arraigadas sempre, tendendo as súas redes sobre as mesmas ondas, labrando os mesmos eidos, faenando no mar e na terra familiares e conservando vellos costumes e primitivas tradicións e crenzas de tempos anterigos.

O Oleiros medieval parece que pertenceu máis tarde ao señorío de As Mariñas dos Freires ou Frades e, para uns, dependeu do mosteiro de Cambre e, para outros, dos templarios, estando vinculado o seu morgado, a partir de 1469, por iniciativa de María das Mariñas, á xurisdición de

Miraflores -pazo que desapareceu, aínda que no seu lugar se edificase un novo co mesmo nome-, que estaba baixo o señorío da Casa das Mariñas e os poderosos condes de Lemos.

Nos séculos XVI e XVII, a súa costa pasou a ter protagonismo dentro do sistema defensivo da baía coruñesa, tras a evidencia de indefensión a raíz do desembarco de Drake, en 1589, creándose unha Batería, da que xa constataba a ruína Cornide no seu tempo e da que aínda hoxe fican restos, en Mera. Aínda que a realización máis transcendente nesta cuestión foi o inicio da construción de defensas na illa de Santa Cruz, entre 1595 e 1607, proseguidas por posteriores intervencións, ata chegar a adquirir o Castelo a súa configuración actual, que, tras diversos avatares, o Concello, ao pasar a rexentalo, destinou recentemente a Centro de Estudos Medioambientais. No Castelo estivo instalado, entre outros efectivos, un canón, "O Barraco", peza que, se ben hoxe constituiría unha simple mostra de arqueoloxía bélica ao lado dos apocalípticos sistemas da guerra química, atómica ou tecnolóxica do noso tempo, naquela altura, cos seus dez quilómetros de alcance, acadaba a converter o Castelo de Santa Cruz, en unión do de San Diego e o de San Antón, nun triángulo defensivo de certa relevancia para a baía coruñesa.

Da época histórica da arquitectura de influencia barroca, tan xenuinamente galega, fican monumentos como a igrexa de Liáns, o pazo axardinado de Xas (Dorneda) e o pazo de Lóngora (Liáns).

É interesante sinalar como, a partir do feito de certos cargos políticos e administrativos (audiencias, rexedores municipais de A Coruña, Consulado...) e ricos comerciantes e homes de negocios do XVII e XVIII fixaren aquí as súas segundas ou primeiras vivendas, se puxo en marcha un proceso que faría que, co tempo, unha boa parte da burguesía e das clases medias coruñesas, pousasen os seus ollos en Oleiros como lugar de recreo ou de residencia.

Isto faría que o municipio fose sucesivamente poboándose, sobre todo desde inicios do presente século, aínda que en 1940 se producise un lixeiro estancamento demográfico -e incluso retroceso-, a causa da emigración, ata iniciar unha forte recuperación en 1970 polo retorno de emigrantes e polo asentamento residencial das clases medias coruñesas, facendo que hoxe en día esta comarca estea, coa das Rías Baixas, entre as máis densamente poboadas de Galicia e as de maior renda media.

Mais Oleiros estivo case sempre, agás en certos momentos, como na propia francesada, á marxe dos grandes conflitos históricos. Tal vez a época dos Irmandiños, que algo se debeu deixar notar, constituía unha das excepcións, así como a da República, momento no que as tensións sociais da época se deixaron sentir neste ámbito territorial, sendo, en 1933, asaltado o cuartel da Garda Civil de Oleiros por membros dunhas CNT e FAI que tiñan bastante actividade na zona das Mariñas, nomeadamente en San Pedro de Nós, onde queimaron igrexas. Pouco tempo despois, cando a guerra civil, iniciada a represión e a persecución fascista, Montrove e O Carballo, entre outros enclaves, servirían como lugares para os "paseos", naquelas noites en que se oían pasar, a través da Nacional VI, algúns escuros automóviles que portaban ás vítimas á Costa do Sal, outro lugar de negra memoria dentro daquelas cruentas xeiras. Noites que dalgunha maneira viviu tamén o artista Luís Seoane, quen, se hoxe conta cun Parque na súa lembranza, naquela altura houbo de agacharse durante un tempo nunha casa da zona de Montrove, antes de poder exiliarse en América. Noites que non puido gozar nunca máis o pintor Francisco Miguel, asasinado

preto de Carballo de Bergantiños, e que por aquelas datas vivía en Santa Cruz, lembranza que deixou, en páxinas estarrecedoras, nun libro inesquecibel da nosa memoria histórica, a súa esposa Syra Alonso, e que foi presentado recentemente no Museo dos Oleiros de Santa Cruz, preto de onde el, no seu día, morara.

Na posguerra, estas terras assistiron ao paso do cortexo do Ditador cara o pazo de Meirás, nas épocas estivais, ao longo da estrada que ía desde Santa Cruz, e que foi adobiada como se dun axardinamento se tratase, intentando quizais ocultar a auténtica realidade de prostración do país a ollos de propios e alleos.

\*\*\*

Un feito que non deixa de ter certo interese é o de as terras de Oleiros, a causa da súa situación e a súa beleza, teren sido tamén elixidas ao longo do tempo -dentro dese afinamento progresivo de procedencia urbana-, por algunhas persoas cultas e de relevancia pública, co desexo de afastarse de urbanos trafegos. Cómpre imaxinar a Francisca Herrera Garrido nos seus paseos por estes campos durante os esplendores estivais, recibindo o fogo da paisaxe na súa sensibilidade -aínda que conservadora e decimonónica- idealista e romántica. Ou a Marcial del Adalid, que morreu nestas terras en 1881, primeiro compositor galego xenuinamente romántico, potenciador da música profana culta, nos entardeceres do Pazo de Lóngora, compoñendo quizais ou lembrando, nostáxico, o seu frustrado desexo xuvenil de ter estudado con Chopin en Francia. Podemos imaxinar o paso do ilustrado Cornide cara a Mondego, ou da condesa de Pardo Bazán camiño do seu pazo de Meirás. Ou a Joaquín Vaamonde cando a ía visitar. E a Lloréns, que veraneou en Perillo, Mera /e Oleiros/ durante algúns anos, fincando o cabalete nalgunha destas valgadas, fascinado pola vibración da súa poderosa luz estival. Por Perillo e a súa comarca, onde morreu, en 1957, tamén o pintor Manuel Abelenda levaría o seu artístico cabás. Aquí construíu o arquitecto González del Villar. Aquí o xornalista e político Juan Fernández Latorre, fundador de *La Voz de Galicia*, soubo achar boa estadía para o descanso. E don Manuel Pardo de Andrade, figura pioneira do xornalismo galego e coruñés, fundador, entre outros, do *Diario de La Coruña*, e unha das figuras con biografía máis fascinante do todo o noso XIX, tivo o seu berce, en 1759, no pazo de Xas, antes de estimular o patriotismo na Independencia, deixar unha obra fecunda en xéneros varios, facer odas, elexías, anacreónticas, algún soneto a Wellington, evocar as xestas dos guerrilleiros contra os *gabachos*, para ser a final activamente perseguido polo arcebispo de Santiago a causa das súas ideas liberais e as súas críticas anti-inquisitoriais, chegando a padecer exilio, en momentos de represión absolutista, pola súa exaltación das liberdades. Por aquí tantos outros que pasaron, como o recentemente finado xornalista Francisco Pillado cando facía camiño ao andar, cun bon caxato, por campos e soidades forestais.

E aínda hoxe numerosas personalidades entregadas aos máis diversos ámbitos do proceso creativo e cultural de Galicia, nas letras, nas ciencias e nas artes, e arquitectos, ecoloxistas, xornalistas e unha varia gama de profesionais implicados no proceso modernizador do país, teñen elixido Oleiros como lugar para habitar. Mesmo algúns, como o poeta Cesáreo Sánchez, téñeno fondamente vivenciado e expresado a través dun xa extenso corpus poético e literario.

\*\*\*

Grande parte da vocación histórica e social de Oleiros foi froito, pois, da súa relación de veciñanza coa cidade de A Coruña. Xa de antigo pequenas lanchas facían tránsito de pasaxeiros desde a dársena de A Coruña a Santa Cruz ou Mera. Desas antigas "pasaxes" por mar, que tamén se facían a Perillo e as súas ribeiras, fican hoxe tan só como recordo as fermosas lanchas -en certo xeito pequenos *vaporettos* viscontinianos- que, saíndo das acristaladas galerías da Dársena coruñesa, chegan ata o pequeno peirao de Santa Cristina, constituíndo un paseo verdadeiramente fermoso e relaxante.

Esa viaxe é, ademais, un dos mellores xeitos de percibir a paisaxe e a vida na baía mariñá, xa que, alén de contemplar o perfil de Oleiros coa mesma perspectiva con que se podía albiscar noutros tempos desde o desaparecido "Peirao de Ferro" coruñés, desde a Dársena ou desde calquera outro enclave cidadán -ah tempos en que aínda o castelo de San Antón era unha illa, un anel no mar-, o pasaxeiro pode gozar do voo das aves mariñas, do ritmo incesante dos barcos e das pequenas lanchas, das praias ateigadas de bañistas, das siluetas dos cabos e dos faros, da paisaxe circundante e dos abertos horizontes do mar.

Unha experiencia non menos inolvidábel debeu ser, antigamente, a que por terra se podía facer a través do Camiño Real que viña de Castela, e que ía pola ponte medieval de O Burgo e o Temple. Tamén o inglés que, de antigo, viña realizar a súa peregrinaxe marítima a Compostela, e desembarcaba en A Coruña, ía contemplando á súa esquerda unha deliciosa panorámica terrestre. A mesma paisaxe que, en tempos recentes, cando se inaugurou o pintoresco tranvía de A Coruña-O Burgo-Nós-Oleiros-Sada, contemplaban bucolicamente os nosos avós e pais, sempre que a pura épica do tranvía non amosase curiosos contratempos en empinadas subidas ou en baixadas por todos os santos xenerosamente axudadas.

Mais todo iso non constitúe senón unha pequena parte da crónica destas terras ata a definitiva construción, nos albores do século, da ponte de ferro da Pasaxe, iniciada en 1894 sobre o esteiro. A súa apertura, no momento auroral do novo século, producirá fondos cambios no municipio de Oleiros. Se antes o acceso por terra se facía pola ponte medieval do Burgo, agora, con esta nova apertura e o trazado da estrada Nacional VI, producírase a efervescente construción das quintas de recreo, que se abeirarán ás estradas principais que unen A Ponte da Pasaxe con Madrid, Oleiros ou Santa Cruz: toda unha sucesión de casas, residencias e chalés, que deixarán fondas pegadas, iniciando uns fortes cambios territoriais, urbanísticos e sociais, facendo que desde unha realidade tradicional maioritariamente agrícola e, en menor grao, mariñeira, se efectuase unha rápida transición cara a un entorno marcadamente residencial inducido pola implantación destas propiedades pertencentes ás clases xeralmente adiñeiradas da cidade.

Por iso, a través da Ponte e da hoxe densa estrada Nacional VI que une A Coruña con Madrid, iría vindo a Oleiros o sucesivo alentar do século. Por ela entrarían, ademais do modernismo e o racionalismo, o charlestón e o cancan, as vangardas históricas, o impulso cenetista e sindical e o sentir republicano... aínda que tamén, co tempo, os temibles *balillas*, a ditadura, o duro racionamento, o Rolls do xeneral, os pintorescos seats 600, a riada estival de ministros e directores xerais... Pero tamén moitas máis cousas: as ergueitas lapelas das gabardinas nas longas invernadadas, o cinema en branco e negro, Marisol, un imposíbel Mister Marshall, próceres, señoritos, varietés, o gresite, o comercio, a televisión, os *trailers*, os abonos sintéticos, os acaroados... Sen esquecer o río dos semáforos, Lloréns polos veráns, o twist, o rock and roll, Neira

Vilas, Anisia Miranda, Isaac Díaz Pardo insistindo na importancia de conservar a memoria histórica na lembranza, o bikini, a nivea, as clínicas dentais, as bicis *mountain bike*, os especuladores inmobiliarios, a cota láctea, as caravanas praieiras, o ordenador portátil, a competencia dos hipermercados...

Por ela iríanse, tamén, os emigrantes a Arxentina, Cuba, Estados Unidos ou Venezuela nun primeiro momento, antes da emigración europea ou estatal. Pero tamén os legumes, os peixes e mariscos para a cidade... e as veciñas cerámicas de O Castro, e a comparsa dos Merachos, e Paco Mivida a triunfar na TVGá; e o alcalde Ángel García Seoane coa súa música errante antes de dirixir a orquestra municipal; a Nobel Rigoberta Menchú agradecendo hospitalidade e solidariedade; mensaxes de ecoloxía e amor á natureza; bañistas e veraneantes a pregoar marabillas do lugar; o arquitecto Manuel Gallego no seu percorrido diario da casa ao estudio e do estudio á casa; os taxis do municipio a devolveren aos cidadáns que veñen ás discotecas a disfrutar co rock e o bakalao...

Aínda que talvez, a pesar de tantas idas e vindas no seu fluír temporal, a Nacional VI non acade ter xa nunca a fortuna de poder ver retornar á grande actriz María Casares, quen, nun acto de amor e desesperada saudade, sente como imposible o retorno a esta terra que, se a viu correr de saia curta e trenzas ao aire, tamén contemplou o río da ira sobre a nobre casa dos seus pais... porque poucas cousas hai tan entrañábeis e dolorosamente dramáticas na historia de Oleiros como as páxinas que esta "residente privilexiada" realizou no seu día lembrando a infinda ledicia da súa infancia e puberdade.

Aínda que por esa estrada tan saturada hoxe de tránsito -e a pesar de que ían encontrar esta terra moito máis urbanizada, máis *ciudadá* e menos panteísta, ensoñadora e natural-, se puidesen, outra vez soñarían retornar Somoza de Monsoriu, a imaxinar ilustradas e reformistas singraduras colbertistas e liberais, Sofía Casanova a repousar das súas viaxes cosmopolitas e erráticas, Fanny Garrido (Eulalia de Liáns) a esbozar novas andainas literarias, Casares Quiroga a fabular o retorno imposible do pasado, Herminia Feijoo a pasar no descapotábel co pano estampado e a melena despregada no aire, Lorca e José Martí a contemplaren os monumentos a eles civicamente alzados, Manuel Pardo de Andrade a clamar pola liberdade no corazón de Xas, Francisco Álvarez de Nóvoa a soñar cinexéticas andainas, Juana de Vega a tramar solidariedades e liberdades, Sánchez Bregua a procurar a paz de ser aquí novamente soterrado...

\*\*\*

Pero a pesar de que a lembranza afectiva desas presenzas entrañábeis nos prenda de evocacións e nostalxias, hai realidades que tamén demandan a atención de quen desexe coñecer o complexo tecido mariñán. Por iso non se debería esquecer a mención dalgúns aspectos da economía e a produción paisanas.

Neste ámbito, é evidente que Oleiros tivo a orixe da súa dinámica produtiva histórica no mar e na agricultura. Moitos dos produtos eran comercializados -moito tempo antes das grandes áreas dos hipermercados invadiren cos seus rótulos, aparcadoiros e agresividade comercial o sistema de servizos de A Coruña e zona metropolitana-, seguramente polo sistema ancestral de trocos nun primeiro momento, realizándose as vendas, máis tarde, a través do bulir costumista

da dinámica feiral.

Hoxe maiormente desaparecidas, das feiras fican por veces ecos, como a de Oleiros que, os días 6 e 24 de cada mes, amosa a súa modesta actividade, moi evolucionada por outra parte con respecto á tradicional, pois hoxe, aos cestos de mazás tabardillas, rubicundas cereixas ou enxebres patacas, avenciónanse exóticas alfombras, transistores de Taiwan ou arracadas hippies ofertadas por inmigrantes senegaleses ou magrebís amosando expresións de desarraigo e nostalxia.

A evocación histórica recolle, por outra parte, que, noutros tempos, na terra de Oleiros, houbo fábricas de fariñas, así como de conservas, xabón e cerámicas. E que existiu un batán en Nós. E serrarías... Louza en Dorneda, estaleiros en Perillo, encaixes en Lorbé... E que o seixo se utilizou para a industria de vidro da cidade...

Porque a vinculación económica con A Coruña foi sempre clave. O mar e as praias de Oleiros achegábanlle uns mariscos e peixes da calidade dos que loaba Cunqueiro na súa gastronomía enxebre -e non é agora o momento de falar das magníficas empanadas, e roscas, e do pan arrecendente dos fornos mariñáns-. Tamén achegaba Oleiros, antigamente, a leña dunhas fragas de especies noutrora autóctonas, para as cociñas dos coruñeses, ou para atepedar as súas longas e húmidas invernadas; e sobre todo variados produtos agrícolas de excepcional calidade.

Mais un aspecto económico fundamental do Oleiros de hoxe procede, desde a apertura da Ponte da Pasaxe, do feito de os tataravós, bisavós e avós de moitos coruñeses actuais, térense entusiasmado -quén sabe se vendo revistas *belle époque* nas que o sosego e a retórica balnearia non sempre casaba co tímido destape dos naquel tempo audaces traxes de baño de Niza e a Costa Azul, cando a nosa Carolina Otero facía cometer máis dunha loucura sentimental Europa adiante- cos baños de mar e o *plein air*, facendo en Oleiros as súas quintas de veraneo e descanso.

Como sería explicábel, senón, a casa Cervigón, atalaiada sobre a Ría como a ponte dun barco, ou esa marabilla de Rialeda, edificada por un cosmopolita Rafael González del Villar, e que hoxe está a ser recuperada para ser ateigada cos milleiros de volumes da Biblioteca Municipal? E cando naceu, senón, a Vila Canaima, co seu espírito modernista de vivo cromatismo, que non sabemos por que parece semellarse a unha mansión para trasnos ou imaxinacións xermánicas, evocadoras, por exemplo, do castelo de Neuschwanstein, onde o rei louco soñaba? E a Vila Marchesi, co seu halo dunha época extinta, decadente e irrecuperábel?

Como consecuencia desta elección residencial e dos grandes cambios experimentados en Oleiros nos últimos anos, o sector primario de agricultura e pesca devén hoxe case irrelevante: non chega ao 10%, segundo os inquéritos que hoxe proliferan tanto. A agricultura experimenta, pois, un claro retroceso: tanto a atracción laboral da cidade como o avance do proceso urbanizador, potenciado pola forte dinámica turística e residencial, lúdica e naturalista, deportiva e recreativa, de campo e praia, fan que as terras abandonen o seu vello uso agrario, aínda que xurdan, aquí e acolá, novas iniciativas hortenses ou invernadoiros especializados de non desprezábel rendibilidade. Porque o solo en Oleiros é, desde logo, caro, tendo preferido moitas veces os seus propietarios a rendíbel venda a compradores urbanos, ao labor de explotación



agrícola, gandeira ou forestal.

Malia a todo, hai unha rica produción hortícola e de legumes, de flores e de froitas, xerada moitas veces por unha economía agrícola complementaria, de autosubsistencia ou a tempo parcial, comercializándose os produtos nos mercados urbanos. Por certo que se trata dunha froita de calidade e, se de flores se fala, poucas como as de Oleiros constituirán un galano tan logrado; poucas unha tan esvelta presenza nun centro de mesa ou como delicado motivo para unha ofrenda, unha sedución, unha homenaxe.

No apartado da gastronomía, así como parece serlle ineludíbel obriga a peregrinaxe, vivo ou morto, a San Andrés de Teixido, a todo galego cabal, tampouco lle debería deixar de ser obrigado o feito de deixarse caer de cando en vez por Lorbé a tomar uns mexillonciños -ou uns chipiróns da ría- regados como mandan os canons profanos ou divinos. Porque, ademais, poderá gozar, mentres vai tirando da negra e brillante cuncha o froito alaranxado, do pracer irrepetíbel de ter perante os seus ollos unha fermosa panorámica. Claro que esa oferta de calidade pódese ampliar aos numerosos e magníficos restaurantes que existen no municipio.

Tamén en Oleiros pesa o mar como unha presenza viva, constante. Sobre todo a través da pesca e o marisqueo de Mera e Lorbé. Posuíndo interese marisqueiro o esteiro de Perillo e Santa Cristina, o cal, aínda que esquilmado e agredido -pois houbo de sufrir, como toda a costa mariñá, o proceso contaminador, ou mesmo as non cativas apocalipses locais dos naufraxios do Ercowit, o Urquiola e o Mar Exeo, que tanto prexudicaron a marisqueiros e traballadores do mar-, aínda produce uns moluscos de verdadeira aceptación, descendentes dos que na corte de Filipe II gozaban de verdadeira sona a causa da súa calidade.

É por causa desta actividade marítima polo que aínda pequenas barcas, ou pesqueiros de maior porte, son quen de esvararen decotío a súa silueta no litoral, internándose valorosas nas augas para roubarlle o seu prezado peixe ao mar. Esa estampa mariñeira complétase, en Lorbé, coa presenza visual das bateas pousadas sobre a ría, cuxos produtos depura Demarlosa, unha das factorías importantes no seu sector en Galicia.

No aspecto da industria, a relativa existente na actualidade está maiormente situada no eixo arterial da nacional VI de A Coruña-Madrid. Alí os rótulos atraen ao viaxeiro, que se sente chamado por múltiples reclamos: o repertorio da construción, da mobilia ou da mecánica, o ámbito comercial... Porque o que prevalece en Oleiros, máis que industria, son as empresas de servizos e comerciais, que veñen atraídas pola boa comunicación e o idóneo escaparate que supón unha fachada á arteria inter-metropolitana que é a estrada Nacional... Por iso, á súa beira, coma os cogomelos en outono, desde Perillo a Iñás, numerosas empresas e actividades teñen asentados os seus reais.

O sector máis importante, abranguendo máis da metade da actividade produtiva, é, pois, o terciario. Porque os servizos teñen unha presenza fundamental en Oleiros. Existen, por exemplo, importantes áreas deportivas, que hoxe aínda se intentan promocionar máis... E lugares de lecer, como a área Perillo-Santa Cristina, cun atractivo ambiente, non só de praia, senón cunha densa constelación de restaurantes, cafeterías, pizzerías, discotecas, bares... constituíndo un verdadeiro horizonte lúdico, recreativo e vital que, nas noites, ergue a constelación arcoirizada do deus Neon

lostregando sobre as augas. Conste que, se o visitante desexa unha pulsión máis sosegada, pode asentarse nunha das terrazas sobre o Paseo Marítimo e o mar, ou irse tranquilamente a camiñar polas longas extensións de praia, paseo ou parque.

Tamén en Santa Cruz se repite, aínda que en menor grao, a oferta recreativa. Ou en Bastiagueiro, Mera e outros lugares. Porque o turismo e o ocio -de fin de semana ou estacional- constitúen, nas últimas décadas, unha realidade en crecemento constante. Iso explica a importante oferta en prazas hoteleiras, restaurantes, apartamentos, urbanizacións, cámpings... que esixen de Oleiros unha boa conservación dun medio natural que se presenta como un valor de grande posibilidade produtiva pola súa atracción tanto dentro da súa área metropolitana como no seo dun país que soubo facer da destrución unha arte.

De aí o recente interese municipal por recuperar activamente o bordo litoral, con paseos e parques, atendendo con esmero as praias, realizándolles aportes de areas e mantendo o seu actual nivel de coidado para lograr que, como xa ocorre coas de Bastiagueiro e Mera, acaden a mención azul que a Comunidade Europea outorga aos seus mellores areas.

Porque é clave, para o futuro de Oleiros, unha forte aposta por evitar intervencións como as que, na Ditadura, alteraron a súa realidade paisaxística, ecolóxica e natural. Actuacións tan drásticas como a de Santa Cristina no seu día, que destruíu moita lingua de area e un grande entorno de praia, incluídas as dunas naturais, non poden volver repetirse, aínda que coas recentes achegas de area e a creación dun ambicioso Paseo Marítimo, algo se acadase paliar dunha realización tan especulativa e dramática. Como tampouco se deben reiterar excesos destrutores da beiramar como os que antes da existencia da normativa actual danaron de xeito considerábel Canide, Canabal, Punta Bufadoiro, Bastiagueiro e tantos outros enclaves.

\*\*\*

Oleiros ten tamén unhas grandes posibilidades para os deportes de todo tipo. En concreto, para os náuticos presenta un repertorio sumamente amplo. Por algo, desde os tempos das históricas *catalinas* que acudían a bañarse, pintorescas e recatadas, a Santa Cristina, Oleiros foi espazo privilexiado para os bautismos estivais de nativos e foráneos. E aínda que un hoxe tolerante biquini ou un *top less* permisivo teñan substituído aquelas apoteóticas saias, o desexo de mergullarse segue suscitando o mesmo entusiasmo. Está claro, pois, que para os deportes náuticos, Oleiros é un pequeno paraíso. Para comprendelo, só hai que ver os surfistas, en pleno inverno, acudiren coa táboa nas bacas dos coches a desafiaren, cos seus traxes anfibios, a friaxe e o perigo con tal de gozar dun instante de gloria na crista das ondas, que, por veces, son verdadeiramente respectábeis.

Pero tamén outros deportes son masivamente practicados. As posibilidades que ofrece, por exemplo, o ciclismo -sobre todo se se foxe das estradas de maior tránsito- ou o sendeirismo, implican os desvelos e as previsións actuais de establecer un marco que posibilite no futuro todo un repertorio de carreiros e roteiros -interiores e litorais-, ou de carrís para despreparar a atractiva épica do pedal.

Pero a cuestión do lecer non é cousa de hoxe en Oleiros. Xa na época dos nosos avós, e pais,

víñase por aquí, ou íase botar unha cana e a mocear a Sada, no pintoresco tranvía que non sempre facía o seu traxecto sen sorpresas e altibaixos. Lembro aquela anécdota que me contaron cando, nun conato de incendio sen maior transcendencia, o amigo que ía co meu pai e as súas correspondentes acompañantes, saíu disparado pola xanela, abandonando á súa sorte á súa sufrida *novia formal*, quen descendeu posteriormente, do brazo dos que logo ían ser meus pais, tímida e *volada*, aínda que perfectamente aclarada sobre o futuro amoroso que o destino lle estaba a deparar. Porque o tranvía, máis aló de transporte, en ocasións como esta, servía tamén como verdadeiro test para clarificar os *eternos amores* daquela época na que o *para toda la vida* constituía un verdadeiro canon sentimental.

Máis tarde, tras os tempos gloriosos da Terraza de Sada, virían, aló polos 60, os de outra épica non menos inolvidábel: a dos bailes do Seixal. Daquela, era posíbel contemplar como, a pesar da relativa modestia do parque de automóbeis, os domingos, por cousa deses apoteóticos bailes, armábanse en Nós aqueles tremendos atascos de seats seiscentos e renaults Dauphine -os coches *nacionais* do franquismo autárquico-, a colapsaren a estrada nacional, aínda que Moncho Alpuente non dera aínda en cantar aquilo de "Adelante hombre del seiscientos, la carretera nacional es tuya...": e era que os Satélites, os Players, os Tamara, se a memoria non engana, ou mesmo o Dúo Dinámico, Raphael ou calquera outra actuación do hit parade local ou nacional da época, atraían como moscas ao persoal.

Tempos de tímida liberación... cando xa os Beatles tomaran Londres e Fidel a Habana. Aínda que aquí faltase tempo abondo para o maio compostelán e as insurreccións navais viguesas e ferroláns, vindo maiormente a innovación dun daquela escandalizante aínda que candoroso corte de pelo con patillas, dunha certa perreira frontal, dun certo nesgo nos pantalóns acampanados ou dalgunha maior audacia amatoria -que non erótica- nas sentimentais e acarameladas melodías do dial.

Porque daquela o tempo tiña un fluír máis xordo e monótono, de horizontes inobilistas e provincianos. Se acaso, no que atinxe a un trafego que hoxe resulta ruidoso e incesante, era de agradecer o de aquel tempo, máis tranquilo e sosegado. Porque o normal era que, pola actualmente densa Nacional VI a penas houbera tránsito, permitindo ese feito a posibilidade de que aínda viñese a mestra pedaleando devagar pola estrada -case como nun conto vitoriano-, dando tempo a implorar que aparecese un auto caritativo e a guindase ao foxo da estrada, para ao menos un día non ter clase...

Tempos mortos, remansados, calmos. Autárquicos. Sen parabólica. Sen case debuxos animados. Sen os xoguets de Toys'r us. Cando unha das máis sorprendentes diversións estivais era gozar, entre as longas ringleiras de plátanos que había entre O Carballo e Lñás, dunha estampa que ben tería agradado a un García Márquez infante: o paso das longas caravanas dos circos que acudían puntualmente á cidade d'A Coruña no verán.

\*\*\*

Oleiros posúe, por tanto, todo un conxunto de posibilidades relacionadas co sector terciario e co aspecto lúdico, festivo e residencial, sexa estival e vacacional ou de fin de semana, que fan que o seu futuro económico pase en boa parte pola súa promoción, nun marco que por outra

parte tampouco debe desdeñar o pulo de novas formulacións agrarias, posibilidades de cultivos mariños, implantación de industrias non contaminantes, plurais iniciativas comerciais, creación de contornos universitarios (facultades ou zonas residenciais para estudantes), de investigación ou de ámbito escolar e cultural.

Mesmo, no tocante ao ámbito da cultura, engánase quen poida pensar que Oleiros, malia a non estar caracterizado pola existencia de grandes conxuntos arqueolóxicos, históricos ou monumentais, non posúe unhas extraordinarias posibilidades de índole formativa e de carácter cultural. Hai aínda tantos pazos espallados con solemne presenza na paisaxe, tal catálogo de fontes, camposantos tan íntimos, fincas con tales repertorios formais, un tan amplo mostrario de flora e fauna, unha tan variada presenza da natureza, sexa da terra ou do mar...

Neste sentido, segundo o último Plan Xeral, en Oleiros sobreviven vinte e un pazos aristocráticos, de estilo barroco local ou rexionalista, nalgúns dos cales se inclúen magníficos xardíns murados con árbores de interese e algúns elementos menores, como fontes ou pombais. En canto a quintas, chalés ou palacetes, contabilízanse vinte edificios catalogados, xeralmente ao longo das estradas principais, dos que lamentablemente aínda hoxe hai pouca recolleita documental, sendo a maioría construcións realizadas a fins do XIX e principios do XX, amosando os máis variados repertorios estilísticos ou formais. Ao lado desta arquitectura de carácter culto e de autor, sinálase tamén un catálogo de cincuenta e unha casas e sete conxuntos de edificacións de interese dentro da arquitectura local tradicional.

Existe, pois, unha diversificada arquitectura, xa que máis aló da arquitectura románica e barroca, da ilustración (castelo de Santa Cruz, de Pedro Martín Zermeño, enxeñeiro militar), e do romanticismo (en pazos e xardíns), hai unha numerosa arquitectura popular agrícola, de carácter preindustrial, así como outra de tipo popular-suburbana (vivendas obreiras). Hai, ademais, abundantes fincas de finais do XIX, seguindo modelos franceses, ou de principios do XX, de estilo modernista, ecléctico ou historicista. Da arquitectura racionalista, destacan a espléndida casa Cervigón, de Jordi Tell Novellas, e a casa Caramés, de José Caridad Mateo.

Existen tamén numerosas construcións conectadas co movemento moderno, ou coas tendencias das últimas décadas, como a de Manuel Gallego en O Pinar... ou vivendas construídas para o seu propio uso por outros arquitectos, como as de Celestino García Braña e Isabel Aguirre, a de Andrés Reboredo, de Carlos Meijide, de Xosé F. Freire... Entre a arquitectura de autor, figuran tamén casas dos arquitectos Antonio Tenreiro (casa Suárez Agra), de Andrés Fernández-Albalat (chalé Araújo, de 1958, casa Lensen, de 1974), de José Mantiñán, de Carlos Quintáns e Cristóbal Crespo (casa Seoane, en Espiñeiro)... aínda que tamén obras non unifamiliares, como as vivendas de González Gil e Mosquera Lorenzo en Mera, a urbanización Pía de Maianca e as vivendas en Santa Cruz de Manuel Gallego, o instituto de Perillo, de José Mantiñán... e arquitectura industrial como, entre outras, a nave Renault en Iñás, de Javier Vizcaíno e Fernando Casqueiro...

Entre as quintas antigas, cómo esquecer a de "Las Cadenas", paxeña e decadente, a de Penatouro, en fermosa terraza sobre o mar, a de Charry, agora en usos culturais, a Vila Marchesi, co seu engado ornamental, a Vila Galicia, a do Arxentino, a das Chinchillas, a Vila Isabel, a Canaima, a Santa Bárbara, a casa Carnicero...

Melancólica é a historia da espléndida finca Ría Leda, proxectada polo arquitecto González del Villar en 1912, concibida como regalo para a súa dona, coa que casara nese mesmo ano, e que houbo de rematar en restaurante, a causa da prematura morte dela antes de vela culminada. Como restaurante, pasou por alí a alta sociedade coruñesa das décadas dos vinte e trinta. Inclúe azulexos azul ultramar e brancos de notábel realce, amosando, alén de recursos autóctonos e barrocos, ecos da influínte Sezession vienesa.

Entre os pazos, o de Xas constitúe un verdadeiro exemplo de integración harmónica de arquitectura, xardinería e paisaxe, contando cuns xardíns de mirtas con ritmos curvos e romboidais, e abundancia de rosas e caraveis a crearen un espazo privilexiado cunha marabillosa vista sobre a ría e a cidade. Moi preto del, está o outro Pazo de Xas, do mesmo nome, construído en 1722. Pero no capítulo dos pazos pódense destacar tamén, entre outros, o de Miraflores, nun marco incomparábel; o das Torres, con fermosas panorámicas sobre a paisaxe interior do Golfo Ártabro; o de Lóngora, que aínda conserva algo dos seus antigos estanques, fontes, cenadores e estatuas; o pórtico exterior do de Pousada, coas súas laranxeiras douradas; os de Abella e Arenaza -reconvertido recentemente este último, por conta do concello, en residencia de anciáns-; o das Fontes, en Iñás...

Entre as igrexas, destaca a de Dexo, en románico rural do século XII, reedificada por Xelmírez e polo abade Martiño, de nave e ábsida semicircular, con elementos decorativos e epigráficos, que foi novamente restaurada na actualidade. En canto á de xinea tamén románica de Maianca, está reconstruída sobre restos primitivos, quizais prerrománicos, existindo a lenda de Almanzor ter feito beber ao seu cabalo na súa pía bautismal. Fermosa é a pequena e humilde igrexiña de Mera, cabe a praia, que fai lembrar, coa súa brancura encalada sobre o mar, as de Santorini ou de outras illas gregas e mediterráneas. Hai unha moderna, en Oleiros, e outra en Santa Cruz, de corte neoexpresionista, realizada esta última por Fisac, ademais de outras tradicionais, entre as que destaca a de Liáns pola umbría natural que a enmarca nunha fermosa paraxe.

Un dos monumentos máis atractivos para o forasteiro, polo seu enclave, é o Castelo de Santa Cruz, que, logo de pertencer á filla da Pardo Bazán, casada co xeral Cavalcanti, foi nun tempo recente residencia de orfos da Armada.

No municipio hai tamén restos de arqueoloxía industrial, con dúas edificacións fabrís, un muíño de vento, outro de carbón e catro de auga, así como tres pontes. Dentro dos hórreos, predominan os de tipoloxía mariñá (de madeira, sobre cepas, con ventilación vertical a través dos balagustos de castiñeiro e porta aberta na parede penal), malia a haber grande variedade dentro da tipoloxía dominante. Hai tamén pozos, xeralmente de bocal circular, en cachotería encalada, con peón curvo. E algúns cruceiros, asociados xeralmente a igrexas e capelas, ou en fincas privadas. E fontes, algunhas interesantes, como as de Xas, Canabal ou Miraflores, construída esta en pedra en 1901, con cano e arqueta de verquido; algunhas teñen tamén lavadoiro. A moitas delas xa non ven o gando, ou a xente xa non precisa da súa auga, pero fican como un recanto ou entorno agradábel. Algunhas están nas praias, como as de Naval e Espiñeiro. Tamén está a fonte chamada de Almanzor, situada cabe da igrexa de Maianca. Un Almanzor que, segundo conta tamén a fantasía popular, ao chegar a Mera, meteu a egua branca no mar, como un centauro dominador da fermosa terra conquistada.

No aspecto arqueolóxico Oleiros presenta, como os municipios veciños, abundancia de asentamentos castrexos, aínda que a súa realidade arqueolóxica sexa moi descoñecida, por non se teren realizado escavacións de importancia. En Oleiros coñécese actualmente a existencia de dez castros e tres áreas arqueolóxicas correspondentes a antigos castros que hoxe desapareceron, aínda que a maioría dos existentes presentan intervencións agrícolas ou urbanísticas. Os castros máis interesantes son os de Subiña e Xas. Ao de Subiña, en Dexo, tamén se lle chamaba o Vixía, sinalándose que posuía unha torre na croa para esculcar a aparición inimiga das naves. Aínda hoxe sobresa polo engado das súas panorámicas. Destaca tamén o de Xas, en Dorneda, por asentarse nun marco de atraínte beleza natural.

Pero en Oleiros, malia a non existiren grandes repertorios artísticos, hai tamén outras sorpresas. Das pequenas, das que constitúen, por veces, os gozos máis entrañábeis, para propios ou visitantes. Como, por exemplo, o dos evocadores faros, coa súa situación en puntas privilexiadas. Ou o producido polo descubrimento dun pequeno resto de arqueoloxía industrial ou dunha corredoira perdida que garda aínda o pouso dun tempo agrario e natural. Ou duns viveiros que traduciron, en ciencia e cultura, o dominio humano do agro. Ou de monumentos como o do emigrante, de Luís Seoane, realizado polo escultor Escudero, na escenografía do paseo marítimo de Santa Cruz de Liáns. Ou un pequeno curso de auga. Unhas formacións rochosas. Unha encosta. Un bosque. Unha cala. Unha vista panorámica...

\*\*\*

Interesantes son tamén certos aspectos folclóricos e etnográficos. E a supervivencia de algún oficio ou arte tradicional. E o labor, en Mera, da Coral. Ou a celebración de certos ciclos festivos, como o Maio floral e o ígneo San Xoán, no que se erguen as lumeiradas polos vales, lembrando un tempo cósmico, pagán e ancestral. Ou certas procesións patronais de carácter popular. E algunhas festas que poñen en Mera unha nota de mariñeiría e mar. E as celebracións do mexillón, en Lorbé, ou as populares sardiñadas de agosto, cando o entorno se enche do arrecendo das sardiñas e da brasa mentres un aturuxo de gaita se eleva como o chíó dun paxaro no aire.

Porque no capítulo das festas, en xeral, pódese dicir que o mariñán ten un espírito alegre e unha vitalidade que fan que se apunte, se non a un bombardeo, xa que tende ao pacifismo de xeito natural, si a todo ritual colectivo de celebración e esmorga compartida e dionisiaca. Por iso, á marxe das que en inverno constelan os distintos feudos parroquiais, é ao longo do verán cando a mariña reborda de festas amenizadas polas máis diversas melodías e aires, xa que o mariñán, á hora de mover o corpo, baila o bailábel: asolladas cumbias ou arroutados mariachis, rancheiras desgarradas ou habaneiras engaioladoras e nostálicas... mesmo -sexa a rapazada ou os patrucios máis vedraños-, un twist, pop, rock ou o que os trasnos dos instrumentos ceiben no aire.

Porque a cousa é poñer o esqueleto a andar. Xa que o oleirense ama tanto a salsa do vivir como a salsa salsa. Por algo esta terra mantén coa illa cubana unha vella relación sentimental, talvez procedente do tempo en que a fertilidade do trópico e das mulatas toleaba aos galegos ao chegar pero, tamén, dunha relación actual de solidariedade política desde instancias municipais.

Por iso o mariñán, nas noites de verán, déixase invadir por unha certa sensualidade e

melancolía á caribeña, precisando botar moitos foguetes, no centro da estación canicular, para que non o invada, nun intre de fondo amor á vida, a melancolía producida polo paso do tempo e os vindeiros días de orballada invernal.

Pero non se podería rematar a unción festiva da paisanaxe sen mentar, aínda que só for de paso, a relevancia que o profano deus do entroido posúe nestes pagos. Por iso, se se pode acudir a Oleiros na época en que o deus Momo pendura histriónico e solemne dalgún cable ou poste elevado, poderase observar como esta terra ten sabido crear, na época do carnaval, coas comparsas de "Os Parados", "Renacemento" e "Os Separados", unha certa saga carnavalesca de corazón festivo e alma a rachar.

Un carnaval que se presenta hoxe en día tan á galega como á brasileira -aínda que nin a climatoloxía nin o nordés permitan unha excesiva presenza de embigos ao aire-, tan feito de lentexoula como de choqueirada, de muiñeira como de samba, de aturuxo céltico e percutidora maraca, de alma aristocrática e sentimento popular. Porque esta terra, en forza festiva e transgresora -con boa tradución en coplas satíricas afiadas-, demanda un capítulo aparte. Por iso o seu entroido merece máis dunha parrafada. Sen esquecer que nel pode xurdir tamén a sorpresa de que o mago Merlín, na persoa do seu alcalde, descenda por arte de maxia dos ceos máis altos, teña lugar -para os vellos- unha festa gastronómica de sete mil estalos ou se outorgue ao deus porco un banquete suntuario a través da lacoada ritual.

\*\*\*

Oleiros constitúe o típico recanto no que a terra se relaciona en corpo e alma co mar. Velaí o porqué da súa presenza non ser doadamente lembrábel sen que de algún xeito acudan á mente imaxes de horizontes abertos, gaivotas pairando sobre os areais ou barcas aliñadas no peirao.

Porque Oleiros se amosa especialmente rico en canto a recursos paisaxísticos e naturais. Neste sentido, os últimos Plans Xerais municipais formulan un horizonte rigoroso na delimitación de áreas de protección, deixando catalogados e protexidos sete cursos fluviais, dez rotas panorámicas, dous puntos panorámicos e seis tramos de costa, respectándose tamén as masas arbóreas de interese, tanto en estradas e camiños como en fincas ou pazos.

Non é de estrañar, por tanto, que os causantes da profunda mutación que, iniciada timidamente a comezos de século, e potenciada vertixinosamente no momento actual, foran aqueles pioneiros que realizaron a descuberta das súas inmensas posibilidades naturais. Aqueles aristócratas, burgueses e artistas que a fins do XVIII e ao longo do XIX descubriron algo que naqueles tempos se debeu revelar aos seus ollos como unha xeórxica, unha natureza panteísta e vital.

Porque se ben hoxe é imposíbel que un medio en progresiva urbanización posúa idéntica plenitude natural, aínda son motivo de ledicia unhas presenzas forestais, unha ensoñación gramínea, unha eclosión de mato e vida silvestre e agrícola susceptíbeis de evidenciaren unha incuestionábel calidade ambiental.

Por iso se no intre en que se construíu a Ponte da Pasaxe e a estrada a Bastiagueiro, non

importou que se destruísen dous cedros do Líbano que naquela altura tiñan case cen anos, hoxe, en Oleiros, pódese comprobar como a filosofía camiña xustamente en dirección contraria, intentando harmonizar no posíbel a intervención humana coa conservación do legado paisaxístico e natural. Quizais por iso, tal como reflexa o catálogo "Cómo salvar unha vida", publicado en 1995, aparece conservada, no mesmo lugar dos cedros mentados, unha vedraña palmeira canaria.

Por outra parte, é esta filosofía, que pretende respectar o medio e o pasado, a única que poderá preservar no futuro esta realidade. Sen ela, esta terra non será nada a respecto de como é perceptíbel nos tempos actuais. Só un acusado sentimento cívico no urbanístico e no medioambiental pode manter a beleza destes lugares. Por iso a heráldica de Oleiros, nos tempos actuais, sería das poucas que sen entrar en contradición podería recoller dalgunha maneira o simbolismo cultural que emana da árbore, reflectindo ese intento de harmonizar benestar social e aumento da calidade de vida con respecto ao medio natural.

\*\*\*

Quizais este factor cívico sexa o que fai que Oleiros non deixe de ser no noso contexto un concello bastante emblemático. Así o probarían, entre outras realizacións, a creación de novas vías de comunicación nestes últimos anos de actividade democrática; a construción de infraestruturas e a dotación de amplos espazos públicos; os servizos sociais; a creación dos paseos marítimos; o labor cultural, coa construción de casas de cultura e bibliotecas dotadas; o deporte e a dinámica sociocultural de carácter divulgador e popular; o apoio ao mundo escolar; a educación para a paz, a tolerancia e a solidariedade; a formación ecolóxica e medioambiental coas actividades ecoculturais; a creación da radio, pioneira da Galicia municipal e inxustamente clausurada a inicios da década dos oitenta; a promoción sociolaboral, a través do Centro de Formación Isaac Díaz Pardo... Actividades que, en conxunto, pretenden vencellarse cunha fecunda armazón de colectivos xuvenís, asociacións de veciños, agrupacións culturais e colexiais.

Talvez a causa dese desexo de dotar ao concello dun forte alento no cultural e no social é polo que nos últimos anos rúas e prazas pasaron a evocar diversas singraduras políticas e culturais de carácter avanzado: a Rúa Salvador Allende e a Avenida Ernesto Che Guevara, o Parque Nelson Mandela ou o Parque José Martí; a Rúa Doutor Fleming e a Rúa Darwin; a Casa da República, a Praza da Libertade ou o Parque Luís Seoane...

E quizais dese sentimento provén a creación dunha normativa actualizada en temas de estética e integración ambiental, de protección do monte, de tratamento da paisaxe forestal e das áreas de valor paisaxístico, de costas e praias, de ribeiras e canles.

Porque o interesante en Oleiros non reside na salvación concreta do cedro que deu encanto no seu día á casa Charry, ou dos choupos do Parque José Martí, do alfaneiro chinés de Perillo ou dalgunhas palmeiras, negrillos, plátanos ou salgueiros dispersos e puntuais que recolle o catálogo de árbores rescatadas, aínda que todo iso teña un claro valor simbólico e con evidencia forme parte dese proceso de intervención global, senón fundamentalmente a formulación dunha filosofía e dunha acción encamiñadas a manter na súa dimensión real a beleza dun medio privilexiado, cun solo e un clima nos que xenerosamente todo se pode dar, como evidencian os



espléndidos rododendros, os insólitos acantos ou mesmo o exótico ombú do Pazo das Torres en Santa Cruz de Liáns.

Por iso, a pesar de que piñeiro e eucalipto se converteran en claramente maioritarios, o castiñeiro, o limoeiro, a palmeira, o teixo, o choupo, a abidueira ou o carballo teñen aquí o seu lugar. E do mundo hortícola das leitugas, as acelgas, as xudías, os chícharos, os tomates e toda a constelación leguminaria, pásase tamén ao mundo cereal do millo e o trigo, ou ao tradicional da magnificamente aclimatada pataca. E, no ámbito das flores, do caravel e das espléndidas rosas ás increíbeis hortensias, tan vizosas e xenuínas ao medio mariñán. Do kiwi frutal ao limón e a laranxa, a pera, a ameixa, a cereixa, a substanciosa noz, a fecunda castaña ou a arrecendente e variada mazá. Das esveltas camelias, aos magnolios e magnolias de grande beleza e maxestosidade; das mirtas e buxos paceños, ás moras que inzan as silveiras e permiten as alegres excursións para facer a caseira marmelada. Ou das gramíneas e flores silvestres, ateigadoras dos campos como nos luminosos cadros de Monet ou Renoir, aos toxos e mimosas que iluminan cos seus ouros a paisaxe, ás queirugas e uceiras do sotobosque e os fiúnchos do mar e as herbas namoradeiras das latitudes litorais. Xa que constitúe todo un pracer perderse, en Oleiros, no campo, recoller piñas para a lareira, follas e baías de eucalipto, romeiro, menta, fiúncho, salvia... Porque Oleiros ten aínda moitas experiencias inolvidábeis que ofrecer ao naturista e ao paseante.

\*\*\*

Por iso nin o oestrimnio, o celta -quén sabe se o fenicio-, o romano, o suevo, o efémero árabe ou o incursor normando, deberon sentirse mal. O marisco e os produtos de campo e mar que hoxe en día adornan as mesas dos mellores restaurantes, e acadan en El Refugio unha verdadeira epifanía triunfal, xa daquela eran de primeira calidade.

Que máis podían desexar, ademais, se o clima era suave! E aínda que a inverniá dese nun monótono orballar, sempre, a falta da TV, da radio e do xornal, os nosos presuntos antergos pre-romanos ben poderían contarse sagas a xeito de vellos Pondais, relatarse aventuras cinexéticas e náuticas ou lances amatorios e vitais.

Boa nostalxia debeu ter tamén máis dun normando, ao vérense expulsados os seus nas incursións piratas, ou o árabe das casidas, pois nestes bosques a penas puido deixar rincharen os seus cabalos. E os ingleses conquistadores de Drake, ou soldados das razzias depredadoras de Ney e de Soult cando a francesada, unha fermosa lembranza deberon gardar. E sir John Moore, quen, no momento da morte, após do estrondo bélico, gardaría con certeza nos seus ollos, con toda a ansia de vivir, os horizontes envoltos no amolecer mariñán que agora o acompañan na súa atalaia do xardín de San Carlos.

Mais sobre todo o nativo, aclimatado aquí desde tempos recuados, debeu achar un recanto de pendentes suaves, bosques envolventes, acolledores vales, praias mainas e claros horizontes que deberon tornar agradábel a súa estancia. Cervos, ursos, lobos... hai tempo que fuxiron. E aínda que de cando en vez das pegadas do porco bravo e do raposo aínda se sinta o rastro, agora Oleiros é sobre todo o reino do voo das aves mariñas, das gaivotas e as pardelas, dos cormoráns e os araos, dos mascatos e as garzas. Tamén, dos negros corvos e as pegas abrancazadas. Do morcego, a curuxa, o moucho, o miñato. E da nutrida sinfonía dos paxaros: os negros merlos, o

paporroibo, o xílgaro, os tordos, os vencellos, as andoriñas, as lavadeiras, os pardais... aos que habería que protexer cunha aínda maior represión da caza. Sen esquecer a famosa pardela de Santa Cruz e o golfiño de Lorbé, dous ilustres visitantes no seu día que aquí se asentaron e que, dalgún xeito, tamén podería recoller a heráldica dun municipio que aspira a gozar, entre outros fundamentos básicos, da protección ecolóxica, a educación medioambiental e a integración harmoniosa urbe-campo.

Oleiros constitúe tamén un bon miradoiro para contemplar as emigracións das aves. E para sentir a somnolencia da píntega, o canto da ra, o asubío da cóbrega ou o paso maxestoso do miñado. Para gozar do esquío choutador, dos tímidos coellos, das cegas toupas, dos torpes ourizocachos. Para sentir as frescas algas no mar, gozar dos berberechos e as ameixas, dos longueiróns e as minchas, dos mexillóns e as lapas, dos caranguexos e polbos, da sardiña, do muxo e da pescada. Para soñar coa contemplación perfecta das cunchas nacaradas e das estrelas de mar.

E malia ao bosque autóctono ter diminuído tanto, aínda hai unha fermosa vexetación de acantilado, de bosque baixo, de mato ou manto litorais. Foi esta, ademais, zona agraria fértil, e aínda fican muros, cultivos, valados... e castiñeiros, e manchas de carballos: toda unha constelación evocadora do rural. E bosques de ribeira, cos seus ameneiros, salgueiros e loureiros... e unha espléndida vexetación de xardín, con nobres árbores exóticas e indianas perfectamente aclimatadas.

\*\*\*

...Son as 21 horas. Unha tarde calquera de xullo. Desas nas que o sol parece non querer deitarse no horizonte. Ese trono, súbito, que rompe o ceo, non anuncia chuvia nin trebón. É o avión de Alvedro, que remonta. Os seus tripulantes, agora, irán debrozados nas xanelas. Aos seus ollos: unha lingua de terra, un mosaico de puntos e manchas sobre o verdor. O mar, o ceo, inmensos, azuis, cegadores. Na costa, a orla de espuma polos cons. Barcos, como gaivotas, ciscados polo porto, a baía, o horizonte. A xente, aínda, espremendo o disfrute do día ata o solpor.

